

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 20 DE DECEMBRO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte de decembro de dous mil dezaoto, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e sete minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna.María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde refírese aos sobres que hai nalgún dos escanos dos concelleiros, son sobres que trouxo a Escola Oficial de Idiomas ás dúas da tarde para un acto ás cinco da tarde, están nos sitios de aqueles/as para os que trouxeron sobre. A continuación, abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE NOVIEMBRE DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 26 de novembro de 2018.

### 2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.11.2018 a 14.12.2018.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de novembro de 2018 e o 14 de decembro de 2018.

## PARTE RESOLUTIVA

### 3. REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA POLO PERÍODO QUE VAI DE SETEMBRO DE 2018 A AGOSTO DE 2019.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “ANTECEDENTES

1. Contrato de xestión de servizos públicos para a Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria, establecendo na súa cláusula segunda que a duración do contrato comezará a contar dende a sinatura da acta de inicio da execución, a cal tivo lugar o mesmo día 08.09.2010.
2. Acordo do Pleno da Corporación adoptado na súa sesión de data 23.10.2017 polo que se presta aprobación á revisión de prezos do contrato de referencia ata agosto do 2018, establecendo como prezo mensual o de 145.008,86 €.
3. Solicitud presentada pola mercantil FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., adxudicataria do servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria deste Concello, de data 13.11.2018 (NRE 18271), incluíndo proposta de revisión para o período 09/2018 a 08/2019.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- I. A cláusula 25ª do prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, que precisa que: *“Co fin de asegurar o equilibrio económico da concesión, procederase á actualización do canon anual, conforme ó sinalado nos arts. 77 e seguintes da LCSP. Unha vez finalizado o prazo dun ano e de conformidade co art. 77 da LCSP, poderá producirse a revisión de prezos do presente contrato, aplicándose como índice de revisión as alteracións ata o 85% da variación do IPC que sufra durante a vixencia do contrato tomando como dato de referencia o IPC publicado polo INE no mes da sinatura do contrato conforme ás regras de cálculo establecidas no art. 78.3 da LCSP...”*.
- II. A D.T.1ª do RD 3/2011, que dispón:  
*“1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.  
2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”*
- III. O artigo 78.3 LCSP, aplicable ó presente caso, dispón que cando o índice de referencia que se adopte sexa o Índice de Prezos ao Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística ou calquera dos índices dos grupos, subgrupos, clases ou subclases que nel se integran, a revisión non poderá superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado.
- IV. O órgano competente para resolver sobre a revisión de prezos é o Pleno en virtude da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, previa fiscalización de intervención e ditame da Comisión Informativa correspondente, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupos do PP), adopta o seguinte

## ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria solicitada por FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A, polo período que vai dende Setembro de 2018 a Agosto de 2019 nos seguintes termos:

Fórmula de revisión:  $P_n = P_{n-1} \times [1 + (\text{IPC} \times 0,85)]$ . E dicir: O novo prezo no período para o que se propón a revisión será o resultado de multiplicar o prezo vixente no ano inmediato anterior, pola variación interanual do IPC expresada en porcentaxe calculada a partir do mes do ano anterior correspondente á sinatura do contrato.

Facendo as oportunas substitucións teríamos:  $P_{\text{sep18-Ago19}} = P_{\text{sep17-Ago18}} \times [1 + (0,02 \times 0,85)] = 145.008,86 \times (1+0,017)$ . Do que resulta un total de:  $P_{\text{sep18-Ago19}} = 147.474,01$ .

Polo tanto o prezo a aplicar a partires da factura correspondente o mes de setembro de 2018 será de 147.474,01 € (IVE 10% engadido).

SEGUNDO.- Notificar o acordo anterior a FCC,S.A; a Intervención Xeral e a Tesourería Municipal, aos efectos oportunos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que neste punto, como veñen facendo ano tras ano, van votar a favor da revisión de prezos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que simplemente dicir que vai votar a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que entende que é o último Pleno do Secretario, o agradecemento deste Grupo e parabéns no persoal e para o futuro. Recoñecemos a súa valía técnica, pero ten que asistir ao grupo de goberno. Desexámoslle moita sorte. Sobre os sobros da Escola Oficial de Idiomas, son moitas as invitacións que non se trasladan e iso non se evidencia como se fixo agora. Sobre o que nos ocupa, se no substancial se cumpre co contratado, non imos opoñernos a que se cumpra coa actualización reflectida no contrato. A abstención é por non xustificar por que o 85% se iso é o tope que figura no contrato e pode ser menos.

Do Sr.Alcalde, que di que el tiña pensado no final do Pleno para a despedida do Secretario. Eu nunca deixei de trasladar invitacións á Corporación. A vostede non lle gusta a transparencia, é certo o das dúas da tarde.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que está a favor. Así o recolle o contrato, que se sigan cumprindo os servizos.

#### **4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA QUE O CONCELLO PRESIONE A ABANCA PARA MANTER ABERTA A OFICINA DA ESTACIÓN.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

Tralas intervencións regulamentarias, non hai lugar a votar a moción, xa que se aplica o artigo 92.1 do ROF, e O PLENO MUNICIPAL, por quince votos a favor (Grupos Socialista e do PP e concelleiras/o non adscritas/o), un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte) e unha abstención (Grupo do BNG), ACORDA QUE O ASUNTO QUEDE SOBRE A MESA.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é unha moción rexistrada para o Pleno pasado. Porque o Alcalde estableceu o das doce da noite, foi polo que quedou pendente. Decidimos manter a moción. Non debemos conformarnos con migallas. Iso é o que está pasando co Hospital de Monforte, traereino para o Pleno de xaneiro. Temos medios de presión sobre Abanca. Remata lendo o que se solicita como acordo da moción: “Instamos ao Concello de Monforte a que faga as xestións oportunas para presionar á entidade ABANCA (incluíndo a futura retirada de fondos desta entidade, unha vez que rematen os contratos en curso) en caso de esta entidade non reconsidera a súa decisión e manteña aberta a súa oficina os 5 días á semana como viña tendo ata o de agora.”

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que poden estar de acordo co argumentario. É unha desgraza o peche da oficina, parece que se vai manter nalgúns días da semana. É un servizo que perde un emblemático barrio, pero a presión pode ser contraproducente. Non queremos correr o risco dun peche total.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di ao Alcalde que a transparencia é outra cousa. Hai actos do Concello aos que non se nos invita. Os propios veciños trasladaron que o acadado con Abanca foi froito do consenso e estaban satisfeitos. Se non se aceptaba, estaba o risco de que non abrise ningún día. Queremos estar co que din os veciños. Imos pedir que quede este asunto enriba da mesa. Reflexionemos con calma sobre posibilidades que hai e non vaíamos prexudicar onde os veciños aceptan. Recordo o que di o ROF sobre deixar enriba da mesa.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que tamén implica á veciñanza xeral de Monforte, non só aos veciños do barrio. Se valoramos que ía ser pechada a oficina, é un éxito que se manteña tres días á semana; pero se valoramos que estaba aberta tódolos días, saímos perdendo. Parece de Perogrullo, pero é así. Abanca fíxose co Banco Caixa Geral, o que hai que ter en conta cara ao futuro. O de correr risco por presionar, soa a ameaza. Non nos enganemos, se antes estaba aberta cinco días e unha tarde, o que queda é un carameliño, polo que estamos de acordo coas medidas para presionar ou negociar a prol dunha oficina como calquera outra. O noso voto en principio vai ser a favor da proposta. Se queda enriba da mesa, tamén o aceptaríamos.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que a eles non lles gustou que se producise isto. O Concello non quedou parado. Os veciños pediron primeiro que o asunto fose á orde do día e así o fixemos. Despois, os propios veciños quixeron que se retirase. Debemos estar cos veciños. O Concello fixo xestións, pero o acordo foi pechado polos veciños. Non imos facer nada en contra da súa vontade de aceptar o mal menor. Pídlle que retire a súa proposta.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que ten tanto respecto polos veciños como calquera dos presentes. Non quito mérito ao acordo cos veciños, pero este Pleno débese comprometer cos servizos e con este servizo bancario tamén. Case todos temos algunha conta en Abanca, se hai solidariedade, a presión – retirada masiva de fondos- sería fácil de entender. Sei que vai quedar por votación enriba da mesa. Pero

que quede mención disto e do artigo de Xosé Carlos Caneiro na Voz de Galicia sobre “Abanca avanza, avanza Galicia”. Refírese ao que nel se di.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que nada máis ten que dicir, de acordo en que quede enriba da mesa.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que deixar o asunto enriba da mesa non quere dicir non facer o que proceda. O que está pedindo tamén afecta á lei de contratos do sector público, que pode facer irregular o que propón. É preferible deixalo sobre a mesa e explorar tódalas posibilidades.

(O Sr. Alcalde somete a votación que o asunto quede enriba da mesa).

## **5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e cun punto engadido ao acordo tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

Algunhas administracións galegas, concretamente algunhas Deputacións Provinciais, unificaron os antigos plans de investimentos e en convocatorias únicas anuais que permiten aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, adoptando para a distribución dos mesmos criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

Esta decisión demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a administración.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede om escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo.

Polo anteriormente exposto, o Pleno desta Corporación Local, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupos do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Establecer un acordo para que o Canon da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva.

6º) Demandar do goberno central que se reforme o sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE) de xeito que se integre o financiamento dos entes locais nos orzamentos da Xunta de Galiza, pero o cal se elaborará unha lei de financiamento dos concellos galegos, consensuada coa Fegamp, que inclúa a ampliación do Fondo de Cooperación local e será onde se aglutinarán os recursos procedentes da transferencia da PIE.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción e os puntos do acordo que nela se propón.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que este tema é un clásico. Parece que ten rédito político volver a un estado centralizado. Pedir máis descentralización é incidir no da segunda descentralización, que está pendente trala autonómica. Os Concellos prestamos servizos de moita magnitude e precisamos financiamento para iso. A segunda descentralización é dotar aos Concellos de finanzas estables. Hai países coma os nórdicos cun pacto de que determinadas cousas non se

tocan governe quen governe. En España non é así. Coincido coa moción nunha porcentaxe elevada. Deberíamos facer un pacto de Estado independente de quen governe, que evitase o clientelismo. Debemos cambiar para ser máis democráticos. O Fondo de Cooperación Local moitas veces é escaso, hai subvencións das que non se sabe ben os criterios, polo que hai que acentuar o non finalista. Gústanos esta moción pola súa filosofía, aínda con algunha cousa non clara, como o punto 5º, a Xunta debería facilitar que o saneamento estea ben, pero non sei se son investimentos xenéricos os da proposta. Pero a favor da moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que a ela tamén lle gustaría vivir nun país no que todo isto se puidese facer. En Monforte tampouco a claridade é boa e ás veces hai clientelismo. O mal é repetitivo. Parece que iso dá votos. Non estou de acordo con esa teoría. Estamos ante unha moción xenérica. Non vexo que se poida estar en contra disto. Anunciar que imos votar a favor, pero temos reclamado as subvencións deste Concello por concorrencia competitiva.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que as subvencións teñen convocatoria, un marco e criterios obxectivos. Subscribimos os criterios que debe haber, nos que se ten en conta á propia Fegamp. De acordo en que aquí, como di Dna. Maribel García, haxa criterios obxectivos para as subvencións. E veñen a dicírnolo da Xunta e a louvar á Deputación, que o fai agora para que o PP lle aprobe os orzamentos. Pero como facían antes? A favor dos Concellos afíns. Galicia ten agravio comparativo por exemplo respecto ao País Vasco e a Cataluña. Agora gobernan no Goberno central, deben clarificar estas cousas. O Grupo do PP levamos tempo dicindo que hai que pedir subvencións, aquí hai moitas que non se piden, como si fixo Sober de fondos para rehabilitar vivendas. Tampouco o obradoiro xuvenil ou o acondicionamento de locais para viveiros de empresa, Monforte non pide esas axudas. O Fondo de Cooperación Local entre 2009 e 2015, a pesar da Xunta ter menos recursos, aumentou cuns mínimos fixados para os Concellos por riba do habido en 2009. O F.C.L. non funciona por ocorrencia, senón negociado coa Fegamp, e é distinto ás subvencións –hai que pedilas- e aos convenios –hai que negociarlos-. Co punto 5 como se propón, aquí nunca teríamos feito a potabilizadora. Temos concesionarias de servizos que non cumpren, é perigoso que subsituamos con isto as súas obrigas. Ímonos abster. Vaise nalgúns puntos contra o principio de solidariedade.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que son necesarias unha maior suficiencia económica e unha maior autonomía financeira para as entidades locais. Os eixos do BNG son: 1º, unha reforma financeira autonómica, tendo en conta as características de Galiza, integrando o financiamento local nos orzamentos da Xunta; 2º, unha lei galega de facendas locais, con ampliación do F.C.L., aglutinando nel as transferencias de fondos da P.I.E. Compartimos o espírito de maior transparencia e uns criterios xustos sen discrecionalidade, pero somos máis ambiciosos do que o é esta moción. O punto 5º pode resultar contraproducente, cun finalismo moi pechado. Traemos dúas emendas. Le a emenda nº 1, para substituír ao punto 1º dos propostos na moción e que é a que figura como punto 6º do acordo adoptado. A emenda nº 2 é a supresión do punto 5º. Ese é o noso posicionamento; segundo se acepten ou non as nosas emendas, será o noso voto.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que aceptarían a primeira das emendas como punto 6º do acordo da moción. Agradecemos a intervención de Dna. Mª José Vega, dicir que o punto 5º prevé parte para saneamento e parte máis xeral. Dille a Dna. Julia Rodríguez que a realidade é que a Xunta reparte a maioría dos fondos de forma discrecional. De 353 millóns de euros en 2018, só un terzo foi obxectivo, dous terzos foron a dedo por convenios. Hai tres Deputacións provinciais que son obxectivas; hai unha do PP, a de Ourense, aí si funciona a vontade divina.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que sería bo que as Deputacións desaparecesen e o seu financiamento fose ás Comunidades Autónomas. Non vexo líderes que falen das Deputacións, falan máis das Comunidades Autónomas. Non apoio esta moción porque fale da Xunta, o mesmo sería se fala do Estado ou da Deputación provincial. Os fondos deben seguir criterios obxectivos e non estar en función de criterios políticos ou ideolóxicos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que parece ser, segundo a anterior interveniente, que as Deputacións son un tema complicado, porque coas autonomías deixaron de ter sentido. As Deputacións, todas, teñen o seu clientelismo. Vou apoiar esta moción, pero non dando un cheque en branco ao modo de xestionar os fondos en Monforte. A moción vai moito en contra da Xunta de Galicia, ao mellor para o Concello de Sober está o que todos sabemos de quen é Secretaria do Parlamento e de onde é veciña. Non me gusta o clientelismo; pero dito iso, vou votar a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que tamén cre que as Deputacións non deberían existir. O meu partido non o di, eu si. Pero serven para outras cousas, os convenios que formaliza a Xunta son poucos en comparación cos que fai a Deputación. A Deputación de Ourense está calificada cun 95% como a máis transparente. Lugo ten unha porcentaxe do 45% e Pontevedra do 39%. Pregunte pola ecuanimidade de Dna. Carmela Silva repartindo fondos. Incluía unha emenda de criterios obxectivos para as subvencións deste Concello. A xestións feitas por min para convenios, dixéronme que o Concello de Monforte non os propuña. O importante non é só os fondos que teñamos, senón como os xestionamos. Aí están outros Concellos, por exemplo Pantón, en relación ás actividades culturais.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que simplemente pregunta se se aceptan as súas emendas e como quedaría a moción. A supresión do punto 5º cos argumentos xa ditos; parece que a emenda primeira iría como punto 6º.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que agradece o apoio de non adscritas/o e de Esperta Monforte. Dille a Dna. Julia Rodríguez que o conmoveu o pronunciamento que fixo diferente ao que di o seu partido, pero o importante é o que se vota.

Do Sr. Alcalde, que di que a emenda nº 1 do BNG acéptase como un punto 6º engadido. A supresión do punto 5º non se acepta, queremos iso solidario que aí está. Dille a Dna. Julia Rodríguez que o Concello non formaliza convenios, é a Xunta quen o fai. Dende hai tres anos teño o compromiso da Conselleira, agora candidata á alcaldía da Coruña, para o saneamento, e despois nada se fixo. Díxenllo ao actual Conselleiro e dixo que tiña que mirar como estaba a Consellería. Teño pedido entrevista con Infraestruturas. Con Medio Rural, estaba previsto un convenio de 60.000 euros para vías entre viñedos e para un tractor, e non se fixo; dixémosllo ao novo Conselleiro e aínda nada. A Secretaria do Deporte, que xa non está, dixo que para instalacións deportivas tiña que falar co Presidente. Xa hai tres anos que está pedida unha entrevista co Presidente da Xunta e aínda non quixo recibir ao Alcalde de Monforte. Grazas á Deputación que nos dá algún convenio. Mentres comigo non, si os hai con Sober e con Pantón. (Pregunta Dna. Julia Rodríguez se se acepta a emenda *in voce* do PP. O Sr. Alcalde di que non, que estamos falando da Xunta). (Sométese a votación a moción, engadindo como punto 6º a emenda no 1 do BNG).

## **6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REALIZACIÓN DUN PROXECTO INTEGRAL PARA A COMPOSTAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).



Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Estímase que entre un 40 e un 50 % dunha bolsa de lixo doméstica está formada por restos orgánicos. É un gasto absurdo pagar para que se recollan, trasladen, amontoen para que podrezan ou ardan, cando se poden transformar nun rico fertilizante. Tan só polo feito de que todo este lixo non teña que ser recollido no circuíto convencional, estímase que a implantación da compostaxe comunitaria aforraría ó noso concello até uns 40-45 euros por familia e ano.

Por outra banda, a nivel ecolóxico, canto máis preto aproveitemos os restos orgánicos máis se reduce o consumo de combustibles para o transporte, hai menos acumulación de refugallos nos vertedoiros e contribuímos a unha notable redución de sustancias tóxicas e gases nocivos. Tamén reducimos a contaminación producida ó queimalos.

Así mesmo está demostrado que as familias que participan nas campañas de reciclaxe e separan correctamente a parte orgánica melloran tamén nas ratios de separación de envases, cartón e vidro.

A compostaxe é tratar os refugallos orgánicos seguindo un método moi similar ao que ocorre sen intervención humana na natureza, para que volten á terra como fertilizante e xerar nova vida nun sistema circular.

Estamos a ver como en varios concellos de Galiza, tales como Allariz ou mesmo na Pobra do Brollón a compostaxe comunitaria está a funcionar con moi bo resultado. Tamén en distintas cidades e concellos do estado español se ven a desenrolar esta práctica tan beneficiosa para o medio ambiente.

Consideramos que este sería un interesante proxecto para situar á nosa cidade á vangarda da ecoloxía, ademais de supoñer un importante aforro económico.

Porén, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

- Instar ó Goberno Municipal a que proceda á realización dun proxecto integral para residuos orgánicos, mediante o cal sexan instaladas áreas de compostaxe comunitario na cidade, nos lugares que previamente sexan obxecto de estudo.

- Levar a cabo unha campaña de concienciación e información dirixida á cidadanía sobre esta actuación.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción. Engadir que hai máis Concellos que os mencionados na moción. Na provincia de Pontevedra, son varios, controlado pola

Deputación provincial. En Monforte o servizo é bo, pero hai queixas por descoordinación no horario do cubeo. A compostaxe comunitaria ten determinados requirimentos, pero paliaría o problema anterior. Le os acordos que se solicitan na moción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que concordan co que se expón aquí. Non sería novidade, xa houbo unha experiencia piloto na zona da Pinguela. Nas parroquias saben ben disto. A favor, e renuncio xa á segunda quenda mesmo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é algo necesario, que aforra diñeiro, que axuda ao medio ambiente. Sería unha maneira distinta de mirar o futuro, con outra cara. Imos votar a favor. É importante unha boa campaña. Tamén denunciámos —e que se sancione— as bolsas de lixo nas isletas, son bolsas identificables cunha mínima vixilancia e aviso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que comparten esta proposta. A compostaxe véñena facendo familias do rural. Tanto no que atinxe ao punto 1 como ao 2, de acordo; imos apoiar esta iniciativas e que se lle dea cumprimento.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que parece que se pide unha especie de Sogama municipal. Intentada polo goberno anterior, os técnicos non o viron. Por economía de escala, non sería viable. Sogama, con todo o que xestiona, tivo que subir as taxas. Fomos premiados en 2018 por Sogama/Ecoembes, un premio por reciclaxe que llo dimos a Cáritas. O compromiso coa reciclaxe é total, pero unha Sogama municipal non a vemos, imos votar en contra.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece os apoios e lamenta a posición do equipo de goberno. Se houbo subida do lixo por Sogama, razón de máis para isto. Non se trata de facer un Sogama ou de crear vasoiradas, senón un sistema de compostaxe como hai en moitos Concellos. É levar a compostores os residuos orgánicos reciclables. En Moaña hai dous postos de traballo para iso. Se se aproba, levalo a cabo.

De Dna. Pilar López Martínez, que quere aclarar que non sabe a que se refire o Sr. Torres coa Sogama municipal, será que non sabe dos composteiros.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que vai a iso mesmo. Entendo a posición do equipo de goberno: sinónimo de que aínda que se aprobe, non se vai facer nada.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que ela entendeu esta proposta como os demais, agás o Sr. Torres. Todos sabemos o que é un composteiro. Nese sentido estamos a favor. Pero que non conte o propoñente con que o cumbran.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que a súa postura é clara, non vai insistir.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que vaian a outros Concellos para ver como son os composteiros. Véxoos pesimistas, pero se se aproba, forzaremos a ese efecto.

## **7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA RECUPERAR O TRANSPORTE PÚBLICO PARA A FESTA DE SAN MATEO.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No pasado Pleno de Setembro, vostede Sr. Alcalde, contestou ante unha pregunta do PP que non houbera transporte público ao San Mateo porque protestara a asociación de Taxistas, e que o que estaba a facer a empresa era ilegal.

Por suposto que nós non lle imos pedir nada ilegal, pero fixo vostede unha segunda afirmación que non podemos compartir: *“eu coas festas das Parroquias non fago diferencias e entrego a todas a mesma cantidade de diñeiro”*. Se ben compartimos con vostede os criterios de equidade e xustiza, opinamos que neste caso non estamos a falar do mesmo.

O San Mateo é unha romaría singular, ben sabe vostede que dende fai xa moito tempo en Monforte se considera sen selo como un día festivo. É bastante habitual que neste día pechen multitude de negocios monfortinos para acudir coa familia ou con amigos a comer todos xuntos e pasar un día que ten moito arraigo e tradición en Monforte.

Todos sabemos tamén que por desgracia nesta romaría hai tamén tradición en moitos casos de abusar do alcohol, polo que é preceptivo garantir a seguridade dos cidadáns.

Case todas as cidades e pobos de Galicia teñen festas singulares, sen irmos lonxe temos a romaría dos Remedios en Sarria, onde durante todo día circulan autobuses urbanos para subir e baixar ao Santuario.

Xa dixemos que non queremos ningunha ilegalidade, o único que solicitamos é que se poñan en marcha as medidas oportunas para que os veciños poidan seguir desfrutando dun transporte seguro e tamén dun día de festa.

Por todo o dito, o Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instamos ao equipo de Goberno a levar a cabo as medidas necesarias dentro da legalidade para asegurar transporte público na Romaría de San Mateo.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción, incluído o que nela se insta. Quedan meses para o San Mateo, tempo para asesorarnos e tomar as medidas para isto. (O Sr. Alcalde di que hai unha afirmación na moción que non é correcta. Non dixeran que fose ilegal, porque non o sei. Repase a gravación, o que dixeran é que os taxistas foron denunciados á Policía Local, esta trasladoullo á empresa e a empresa parou o servizo).

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que deberíamos fomentar mesmo ir a pé, pero estamos a favor deste transporte. Sobre a moción anterior: bótelle terra, D. Emilio José, polo voto en contra do goberno municipal.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a denuncia dos taxistas foi hai dous anos. Preguntemos polo último ano, porque o Concello debeu ser quen de resolvelo e facilitar o transporte, hai xente que ou lle resulta caro ou non pode ir a pé. É simple, que o Concello contrate este servizo de forma puntual. O que non tivo o Alcalde foi vontade. Un dos reparos da Intervención que se repiten é pagar autobuses para desprazamentos; a razón de ser irregular non serve, porque outros transportes irregulares págaos. Coincido na traxectoria especial que ten e na importancia da romaría do San Mateo. Hai que traballar para poñela en valor; pero faise ao revés, porque a xente deixa de ir por carecer de transporte.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que comparte o espírito da moción. Entendo que o transporte sería gratuíto, ou pagan unha parte os usuarios? Outras festas ao mellor perdéronse por non poder desprazarse a elas. Coincido coa singularidade, pero non é unha festa do Concello, é unha festa vecinal, o Concello debería colaborar pero debería ser a organización quen organizase o transporte e pedise a axuda ao Concello. Ese é un punto de desencontro: axuda municipal, pero responsabilidade da organización.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que expresa a súa coincidencia co dito polo BNG. Nunca houbo transporte público con fondos municipais. Facíao unha empresa privada de forma discrecional pola súa conta e risco. Efectivamente, hai dous anos houbo unha denuncia dos taxistas á Policía Local, que o trasladou á empresa e esta deixou de facelo. Esa é a realidade, non sei se legal ou ilegal. Non di na moción se o transporte será público ou de pago. En todo caso, antes do próximo San Mateo, haberá eleccións, decidirá o novo equipo de goberno.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que escoitará a gravación, pero ten memoria e recordo. Sobre gratuíto ou de pago, é público o de Monforte? Hai que pagar? De que me están falando? É tan sinxelo como iso. Que o Concello poña autobús ou taxi, só dicimos transporte para que os veciños volvan, cada vez hai máis xente que andando vai. O transporte a xente sempre o pagou, no transporte público eu vexo sempre pago: metro, autobús ou o que sexa.

De Dna. Pilar López Martínez, que di sobre o pago do billete do bus urbano, que efectivamente en calquera sitio págase.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao portavoz do BNG que ela non recorda ao San Mateo en perigo. Os veciños da Parte non precisan transporte, senón os de Monforte. O transporte urbano non inclúe o lugar do San Mateo, tampouco as rutas das empresas, o único é unha contratación ou subvención para iso. Camiñando non todo o mundo pode. Doce viaxes de taxi son uns 400 euros, é asumible financeiro.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que evidentemente o transporte público das cidades é de pago. Tamén o transporte escolar é público e non é de pago. O gasto é *peccata minuta*, pero queremos que sexa solicitado dende a organización. Imos votar a favor, pero con esas puntualizacións.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que é unha festa que organiza unha asociación. Non sei o que propón concretamente, oxalá non o teña que xestionar vostede no seguinte mandato. O San Mateo será o

21 de setembro e as eleccións municipais, o 26 de maio. Se está vostede, faga un proxecto concreto e non un xenérico transporte público.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di ao anterior interveniente que se ela xestionase este Concello, tería o aval de moitos anos xestionando a súa casa. Non teño ningunha débeda, non sei se é o caso de vostede. Como son vostedes quen están xestionando neste momento, non tivemos a ousadía de concretar, xa que outras veces din que lles corresponde a vostedes que gobernan, establézano vostedes.

## **MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.**

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír as seguintes mocións:

### **A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A SITUACIÓN IRREGULAR DOS DEPÓSITOS DO CORNAO.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Alicia Cadarso Palau).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. O Sr. Alcalde di que é “Cornado” e non “Cornao”. En base a dito ditame e cunha modificación tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

1.- Os depósitos do Cornao, que sirven para o almacenamento da auga do abastecemento do Concello de Monforte, están enclavados xunto coas conduccións e canalizacións subterráneas que lle dan servizo e os camiños de acceso, en terreos do Monte Veciñal en Man Común ”Cornao e San Roque” da parroquia de Ribasaltas.

2.- Os veciños, membros da asociación de montes, veñen de recibir notificación de actualización dos valores catastrais do monte, como consecuencia das construcións existentes nel, os depósitos.

Non so teñen que soportar o incremento de valor do monte por mor das construcións existentes, senón que mesmo nos espazos ocupados polos depósitos e as conduccións e camiños de servizo, non son quen de obter ningún rendemento, neste caso, forestal como o que obteñen no resto do monte.

Non existe constancia de que se teña formalizado en modo algún cesión do uso ou dereito de superficie que ampare a situación xurídica destes depósitos.

3.- Compre regularizar a situación destas infraestructuras que teñen a importante tarefa de servir de depósito de auga para abastecemento á poboación de Monforte.

4.- Este grupo, ten advertido e comprobado en varias ocasións que as conduccións que salen destes depósitos están en moi mal estado e rompen con frecuencia, limitándose a empresa a parchear sin renovar ou substituír as citadas conduccións que se atopan en moio mal estado, como é a súa obriga.

5.- O equipo de goberno non ten sido quen en catro anos, de esixirlle á concesionaria Aqualia, un axeitado mantemento do depósito, que se atopa nun importante estado de deterioro. Tampouco o anuncio de que tal arranxo o faría o Concello, se materializou en modo algún.

6.- Tamén sorprende a total ausencia de medidas de seguridade no entorno dos depósitos, que fai que calquera teña acceso a eles, e por tanto a auga que almacenan, co risco que esto representa.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

##### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

- A regularizar -coa Asociación do Monte Veciñal en Man Común "Cornao e San Roque" da parroquia de Ribasaltas-, os termos do uso que o Concello ven facendo e fará no futuro dos depósitos do Cornao,

- A instar á concesionaria Aqualia:

\* a levar a cabo un axeitado mantemento e conservación dos depósitos do Cornao

\* a mellorar a seguridade das instalacións dos depósitos

\* a renovar e substituír as conduccións deterioradas e avariadas, pormenorizadamente as que, saíndo dos depósitos se rompen de maneira reiterada."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que ela sempre entendeu "Cornao". Explica a moción segundo figura na exposición de motivos. (Di o Sr. Alcalde que isto xa está en marcha, tras un escrito dos veciños).

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que cando estaban no BNG trouxeron o arranxo dos depósitos. Segundo a Intervención, correspondíalle a Aqualia, pero tampouco o fixo. Conte co noso voto a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa se ten falado aquí, como acaba de dicir Dna. Pilar López, sobre o arranxo dos depósitos. O meu voto é a favor. Dille ao portavoz do BNG, respecto ás festas, que para a do San Mateo faise unha Xunta de Seguridade específica.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que a anterior iniciativa quedou clara, non vai volver sobre ela. Nesta iniciativa, o noso voto a favor. É necesaria esa regularización catastral. Sobre o arranxo do depósito, coincido tamén en que se Aqualia é responsable, que o faga.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que recentemente coñeceron un requirimento do Catastro de 60 euros aos veciños para regularizar. Dixémoslles aos veciños que presentasen un escrito para que os servizos municipais solucionasen unha situación que leva 25 anos respecto a un depósito e 18 anos respecto ao outro. Xa está o escrito, xa se está traballando niso. Houbo un contrato con Acuaes que non foi adiante. Non sabemos se o convenio é o máis apropiado ata coñecer os informes. Polo demais, de acordo co que pide. Se retira a referencia a convenio, diremos que si; se non, absterémonos, pero isto vaise arranxar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que ata onde ela sabe, o Concello vai asumir o que corresponde aos depósitos. Só faltaría que teñan que pagar os veciños a regularización. A normativa dos Montes en Man Común dos Veciños prevé dereito de uso ou de superficie, que salvo que expropian, será

vía convenio. Agradecer o apoio dos demais. Se a estas alturas lle chamamos “Cornado”, temos un problema.

(Dna. Pilar López Martínez, Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncian sucesivamente á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que di que aos veciños que viñeron falar con el, díxolles que o Concello actuará segundo digan os técnicos do Concello. O primeiro dos depósitos ten máis de 25 anos; o segundo, con Nazario Pin de Alcalde, 18 anos. Agora temos coñecemento disto, imos arranxalo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que unha cousa son os gastos –só faltaría- e outra que para o futuro se regularice o uso.

Do Sr. Alcalde, que di que o que digan os técnicos. Comprométome a resolvelo. Di –aceptado pola proponente- que para a votación suprimese “por vía de convenio”, que figuraba na proposta no primeiro apartado do acordo entre “- A regularizar-” e “coa Asociación...”.

## **B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A A-76.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Manuel Jesús López Sánchez e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a Autovía A-76, que unirá Ponferrada con Ourense por Monforte, leva 15 anos en tramitación, dende que se iniciara en 2005.

Dende entón son moitos os avatares que ten sufrido este vial, dende propostas de distintos trazados ata reclamacións veciñais en relación a distintos puntos como a Serra da Enciña da Lastra i Os Peares.

A principios de 2014, o Ministerio de Fomento aprobou o expediente de información pública e definitivamente o estudo informativo desta autovía, que fora sometido a información pública en setembro de 2008, e acadou a correspondente declaración de impacto ambiental favorable en agosto de 2013 (BOE de 14 de agosto de 2013). A partires de 2014, por tanto, esta autovía empezou a avanzar de maneira real, deixando de ser para moitos unha virtualidade. Un dos tramos nos que se ten avanzado é precisamente o da redacción do proxecto da circunvalación de Monforte.

Nembargantes, e a pesares de todos os avatares sufridos por esta autovía, o que nunca estivo en cuestión é que se trataría dun vial que uniría Ponferrada con Ourense pasando por Monforte.

Recentemente os alcaldes de Monforte e do Barco de Valdeorras, veñen de facer unha proposta que remataría con ese propósito de unir Monforte por autovía con Ourense, prantexando que a A-76 remate na nosa cidade, e se prantexe promover unha autovía entre Monforte e Chantada onde conectaría coa futura autovía entre Lugo e Ourense por Chantada.

Esta proposta, pretende xustificarse nas dificultades que se atoparían o paso por Os Peares, e na repercusión que tería en relación a Declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Pretende ignorar quen prantexa esta proposta que estas dificultades tamén se poderían prantexar nese caso. Omítese que a distancia entre Monforte e Ourense por Chantada casi se duplica, e que representaría renunciar a ter unha conexión directa entre a cidade do Cabe e a capital de Ourense coa repercusión que isto tería non só para Monforte, senón para todo Valdeorras.

Vir a prantexar que a A-76 chegue únicamente ata Monforte, para voltar sobre unha posible autovía que una a nosa cidade con Chantada, coa expectativa de conexión coa autovía Lugo-Ourense, é mais rebuscado e dificultoso que a idea sobre a que se leva tantos anos traballando, que non é outra que comunicar Monforte con Ourense e Ponferrada, de modo directo por autovía.

Hoxe mesmo vemos na prensa que o goberno socialista pretende impulsar a autovía Lugo – Ourense. É dicir, que o alcalde de Monforte, ve con bos ollos que se desbote a conexión directa de Monforte con Ourense e se impulse a de Lugo-Ourense por Chantada.

Resulta moi cuestionable que a reunión cos responsables do Ministerio de Fomento, non se teña empregado para acadar compromisos reais en relación aos tramos que están en redacción ou licitación, e en cambio se prantexe unha cuesión, que mais parece un intento de demorar novamente e mesmo poñer en risco, - desbotando a metade do seu trazado-, o desenvolvemento dun vial que é determinante para o futuro das comarcas de Valdeorras e de Lemos.

Non é entendible que os Alcaldes de Monforte e o Barco de Valdeorras, renuncien a esta conexión directa con Ourense.

O que compre é que o Ministerio de Fomento siga avanzando na redacción e execución dos proxectos do trazado que se ten definido entre Ponferrada e Ourense, por tramos, sin prexuízo das correccións necesarias para salvar as dificultades xurdidas nos Peares. E rexeitar calquera proposta que vaia dirixida a demorar ou non completar a execución da A-76 entre Ponferrada e Ourense por Monforte.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (Grupo do PP e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e dúas abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

#### ACORDO

##### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

- A rexeitar calquera proposta que vaia dirixida a demorar ou non completar a execución da A-76 entre Ponferrada e Ourense por Monforte.
- A instar ao Ministerio de Fomento a seguir avanzando e definir compromisos reais na redacción e execución dos proxectos do trazado da A-76 entre Ponferrada e Ourense por Monforte.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que agradece a presenza de tantos veciños, porque ás veces existe impotencia por parte das portavoces. Agora temos o calor dos colectivos.



Estamos aquí para que aos monfortinos non nos leven algo. Explica a importancia da A-76. É unha auténtica traizón o que vén de acontecer. Explica os avatares habidos que figuran na exposición de motivos, con datos e explicacións adicionais. Explica a situación dos tramos, que son doce, e as datas. Antes estívo-se mareando a perdiz, dende 2014 avanza-se. O Alcalde vai a Madrid, onde un do Ministerio de Fomento. O do Eixo Atlántico trouxo un sabor agri-doce. O Alcalde dixo que habería que prescindir de Ourense ou ir por Chantada. O luns sae na prensa que Fomento quere impulsar a A-56 Lugo-Ourense, nada sobre a A-76. O Alcalde en vez de chamar a Pedro Sánchez, que o tivo aquí a firmar, dixo que mellor por Chantada, cando é unha autovía desbotada por falta de tráfico. (Dille o Sr. Alcalde que se alguén hai aquí traidor, é ela que se aproveita do traballo e do Parlamento, e el dimitiu do Parlamento). (Dna. Julia Rodríguez quere intervir por alusións á empresa privada). (O Sr. Alcalde chámala á orde por primeira vez). (Discuten os dous).

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o que dixo Dna. Julia Rodríguez está claro que ao Alcalde doeulle, por sacar a colación quen dimitiu ou non. O Alcalde tirou estes días por terra a A-76 a Ourense, un proxecto aprobado en 2013. Non o entendemos, salvo que explique tal ocorrencia. 1º, existe consenso sobre o proxecto inicial. 2º, vaticina problemas onde non os hai, aínda non sabemos como será a declaración de Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra. 3º, non se sostén por distancia, tempos ou tráfico, a postura do Alcalde. No Concello de Pantón, os seus compañeiros de partido non están de acordo, senón por manter o proxecto mentres non haxa un pronunciamento de incompatibilidade coa declaración de Patrimonio da Humanidade. Bota o Alcalde o carro antes dos bois, é suposición súa ou hai informes técnicos? Os problemas co Sil serán igual que co Miño para Chantada. Cando suceda, buscaranse solucións. Hai máis tempo e máis distancia a Ourense por Chantada. Hai máis vehículos cara aos Peares que cara a Chantada. É un irresponsable político, creando problemas onde non os hai. O problema é a demora. Vaia xa de novo a Madrid; se non, terei que dicirlle –eu si entro na igrexa- : “Perdónale, Señor, no sabe lo que hace”.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que sen que sirva de precedente, está de acordo con Baltar. Vostede (Alcalde) fixo un circo que non entendemos. Estivo cunha asociación que xa non existe. Vostede díxome que non se ía cambiar o trazado, pero viu novas vantaxes do novo cambio. Díxenlle que creaba problemas onde non os había. Pedinlle unha Xunta de Portavoces. Agradezo que me ensine os planos, pero o problema non é meu senón dos monfortinos e máis que os monfortinos. Díxome: “sei ben que o que estou facendo vai ser beneficioso, poderase ir a Santiago sen pagar peaxe”. Vexo inconvenientes no tramo Monforte-Ourense, pero non vexo as vantaxes do outro lado. Por que aposta por este trazado?

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di –por unha referencia de Dna. Pilar López- que el non dixo que non entraba na igrexa, dixo que non entraba no San Mateo. A A-76 é unha dinamización importante cara a Ourense e cara á meseta. Montouse un pitoste por algo que non chegamos a entender. Se o Alcalde ten unha reunión con Fomento e trasladan alguna inxerencia ou problemática, debería trasladalo aos portavoces e explicalo á veciñanza. Que se chega antes a Ourense polos Peares que por Chantada, non hai que ser científico para velo. Le os puntos 1 e 2 do acordo que se propón. Co segundo punto, totalmente de acordo. Pasaron 15 anos e distintos Ministros de Fomento e estamos como estamos. Precísase orzamento. No tocante ao punto 1, fáltanos información do tratado nesa reunión en Fomento, fáltanos información da Xunta sobre a declaración de Patrimonio da Humanidade e o que diga tamén o Presidente da Fegamp, presente na reunión. “Rexeitar calquera proposta”, cal proposta?, a priori, por pequena que sexa? Para o voto, vou esperar ao que explique o Alcalde.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que cre que está perdendo o norte e incluso os papeis na intervención anterior. É experta en manipular a información e en mentir. Dedícase a provocar, chamou ao Alcalde traidor, é un insulto grave. Non imos entrar. Teño claro que o Alcalde nunca traizoo a Monforte. (O Sr. Alcalde fai unha advertencia sobre respecto das quendas por parte dos concelleiros e sobre non intervencións por parte do público). Incéndiase vostede polo do Parlamento, parécelle fatal, dimita tamén. O que o Alcalde dixo non é o que vostede di. Dixo que podería por ser Patrimonio da Humanidade e BIC, haber dificultades para grandes obras. Le das declaracións habidas, con fincapé en “puidese derivarse...”. O entronque coa A-72 son dez kilómetros máis, pero ante a alternativa de non ter autovía. Esas son as declaracións que están gravadas, o demais invéntao vostede. Ninguén dixo que non polos Peares, o que dicimos é que se hai dificultades insalvables pola declaración de Patrimonio da Humanidade, que vaia por outro lado, pero que se faga. Vostede fala sen coñecer o proxecto ou engana conscientemente. A A-76 é de máis de 46 kilómetros en proxecto porque non entra a Ourense por Velle, cruza o Miño cara Coles e entra coa A-56 de Lugo. Non é igual que a actual N-120. Étranlle as presas cando en sete anos de goberno de Rajoy non se fixo nada. Temos sido transparentes, non escondemos e terxiversamos como vostede. Estas manobras vanse volver en contra súa.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que cando hai algún marrón, o Sr. Torres intervén. Coñezo o proxecto e lin a declaración de impacto ambiental. Le cousas desta. O BIC apróbase co que hai, en 2014 un Director de Estradas avanzou solución. É mentira que haxa problemas coas declaracións de BIC e de Patrimonio da Humanidade, porque a autovía xa é proxecto. Explica cun mapa na man. Falan de potenciar Lugo-Ourense, os de Monforte quedamos na metade da nada. Cando a A-6 e a A-52, o natural era polo Sil, coáronola e queren volver a coala. Isto é un engano. (Dille o Sr. Alcalde que é especialista en dicir o que el non dixo).

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o Sr. Torres di que Dna. Julia Rodríguez perdeu o norte. Isto é habitual con tódalas mulleres que falamos nesta Corporación municipal. A discrepancia política é lexítima. Non é lexítimo manifestarse distinto con D. Emilio José Sánchez que con nós, as mulleres. (Aplausos do público). Fixen dúas preguntas na miña primeira intervención. Motivos do cambio de parecer? Incompatibilidade con BIC e con Patrimonio da Humanidade? Segundo a portavoz de Esperta Monforte, hai falta de consenso, é ao que nos ten acostumados: de consenso e de respecto. O de “as vaian correr”: o Sr. Torres eleva a normalidade que se lle fale así ás mulleres. O noso voto é a favor. Que haxa respecto ás mulleres nesta Corporación municipal e ás veciñas. (O Sr. Alcalde di que o respecto é ás persoas).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non lle contestou o Alcalde sobre unha Xunta de Portavoces para explicalo. Todo o que está sucedendo é produto de como se fan as cousas. Pero a situación é confusa. E non sería para facer barullo e que non se faga nin A nin B. É imprescindible o consenso e non o buscou, saíu cunha conferencia de prensa cuns avais que non son tales, como persoas todo o respecto, pero a día de hoxe non existe a CEL de Monforte. Non se pode dicir que os empresarios están de acordo, cando non é así, e tampouco a última palabra é dos empresarios. Busquemos consenso, explique o que sabe e ao mellor hai outra postura. A cidadanía quere saber.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di se a decisión do Alcalde de Monforte e tamén do do Barco, foi a título persoal ou representativo. Esa comisión non debería ter potestade sobre se vai por un lado ou por outro. Propoño que se debe consensuar e diferenciar a iniciativa presentada e se a autoestrada debe ir por un lado ou por outro. Que se pronuncie o Consorcio de Turismo, a Fegamp e a Xunta, e despois dende o Concello facer unha declaración institucional. Isto non é unha cafetería, é un Pleno e temos que saber o

que votamos. Sobre o primeiro punto fáltanos información, calquera proposta? De acordo con axilizalo e que chegue a bo porto.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non hai ningún cambio, só unha solución se ser BIC ou Patrimonio da Humanidade supón algún problema. Alternativa, se hai imposibilidade. Non depende de decisión do Alcalde, é formular unha alternativa. Nunca se pechou a autovía polos Peares. Empezo a sospeitar se Dna. Julia Rodríguez non quere que se faga. Non hai ningún cambio. Falamos da alternativa como se fose feito consumado. Ninguén pechou que vaia polos Peares. Ese é o percorrido da polémica que quixo montar aquí, é das estériles. O resto das manifestacións non as vou contestar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que na prensa saíu o que saíu, o primeiro que dicía o Alcalde de Monforte que fose por Chantada. Podería ser unha ocorrencia, pero dous días despois sae que Fomento fomenta Lugo-Ourense e que o do Eixo Atlántico ten un sabor agridoce. O moito avanzado en tres anos, pódese fastidiar agora. Marear a perdiz para que nin unha nin outra. O Alcalde foi ao Ministerio a dicir que por Chantada, por que o adianta se aínda non sabemos se haberá problema? O problema créao o Alcalde, segue o que di o seu partido, Lugo-Ourense por riba da A-76. A xente non é parva, viuse na reunión posterior á miña iniciativa na Comisión informativa. Igual está moi confiado na maioría absoluta. Escoite á xente. Se non quere enfrontarse ao seu partido, dígao.

Do Sr. Alcalde, que di que Dna. Julia Rodríguez di saber o que lle dixeron a el no Ministerio. Non vexo que ela defenda Monforte e o Porto Seco. En relación coa moción, o segundo punto, seguir avanzando, perfecto. O primeiro punto, non; quere que lle recoñeza que a miña proposta é para demorar ou non completar e iso non é así. Como cousas infames sobre a miña persoa, acusándome de declaracións que non fixen. 1º, quen pon límites, se os pon, é a Xunta de Galicia coa declaración de BIC. 2º, será a Unesco a que estableza o que se pode facer coa declaración de Patrimonio da Humanidade. Prefiro a autovía A-76 que a declaración de Patrimonio da Humanidade, o transporte é moi importante. Lamento o uso de cousas falsas para unha polémica artificial. Nunca dixen que non se fixese a autovía polos Peares. Non hai ningún cambio, nin proposta nese sentido. O que dixen é que se hai limitacións polas declaracións de BIC e de Patrimonio da Humanidade, e non pode ir polos Peares, que vaia por outro sitio, pero que se faga. Vexan a declaración de impacto ambiental sendo ministra Ana Pastor. Ensina o plano que está no BOE. Explica sobre o plano: o enlace é cerca de Cambeo, non entra pola N-120 e Velle, esa é unha das maneiras de manipular. Non hai 45 kilómetros a Ourense, hai moitos máis. Hai que ter atrevemento para dicir unha distancia, cando hai máis distancia. Se se pode facer polos Peares, que se faga. Pero se Patrimonio ou a Unesco poñen problemas, por onde sexa, pero que se faga a autovía. Le o publicado hoxe en Ourense, con referencias aos problemas por declaración de Patrimonio da Humanidade e a unha moción na Deputación de Ourense. Segundo o informe técnico de 2015 dun equipo multidisciplinar, o trazado orixinal é imposible coa declaración de Patrimonio da Humanidade. Na reunión para a tirolina sobre o Sil, dixo Baltar que lle dixeran o Conselleiro que co tema da tirolina tiñamos que esquecernos da Unesco. Se iso é cunha tirolina, non digamos coa autovía. O que dixen é que en todo caso se faga a autovía. O Alcalde de Pantón recoñeceume que estes planos non os vira. Dille a Dna. Maribel García que o Sr. Sánchez é delegado en Monforte da APEHL, nomeado legalmente en substitución do Sr. Verao.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non lle preocupa o que diga Baltar ou outros. O que me preocupa é o que dixo o Alcalde de Monforte. Non o compare cunha tirolina. Por que se mete nisto para crear este problema? Ata os do seu partido noutros Concellos están en contra deste melón que vostede abriu. Foi a Madrid a dicirillo a Fomento e Fomento saíu dicindo que priorizan Lugo-Ourense.

Do Sr. Alcalde, que di que non se diga o que el non dixo. Ningún proxecto hai agora para licitar na A-76. Ao longo de 2019, será posible facelo co de Toral de los Vados-A Veiga de Cascallá.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### 8. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 21.11.2018, de 26.11.2018, de 03.12.2018 e de 10.12.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

### 9. ROGOS E PREGUNTAS.

(Durante este punto da orde do día, auséntanse e reincorpóranse Dna. Julia Rodríguez Barreira, D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez)

**1º.- PREGUNTA E ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REXISTRADOS DE ENTRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2018.** Formúlaos o portavoz do Grupo, D. Emilio José Sánchez Iglesia.

#### A) PREGUNTA E ROGO RELATIVOS Á VÍA QUE TRANSCORRE ENTRE O GADIS E O LIDL.

##### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A rúa Chantada é unha das que máis tráfico soportan nesta cidade, sobre todo dende que se puxo en funcionamento o corredor de Lugo. Un dos puntos que máis atascos rexistran son as saídas dos aparcadoiros do Gadis e do Lidl, nas horas punta.

##### PREGUNTA:

A quen pertence a titularidade da vía que está situada entre os dous supermercados?

##### ROGO:

Que o Equipo de Goberno faga un estudo sobre unha posible reorganización do tráfico rodado naquela zona.”

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

Segundo o Técnico de Urbanismo, hai mencións a esta vía en proxectos de urbanización da zona. Nun dise que se pretende ubicar unha área comercial con aparcamento e unha rúa transversal que conecta as rúas Chantada e Mercado –actual rúa de Manuel María-. Noutro fálase de dotación de aparcamentos, fraccionando mazás excesivas. Debería ser pública a rúa, pero non houbo cesión formal.

#### **B) ROGO RELATIVO Ó ARRANXO DO TRAMO DE VÍA QUE VAI DENDE A PONTE DE PIÑEIRA ATÉ A ESTRADA DE SOBER.**

##### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En días pasados rematouse de arranxar o firme da vía que une a N-120 coa ponte Piñeira, esta obra desenvolveuse con cargo ao superávit de tesourería do concello. Esta vía comunica a N-120a coa estrada LU-P-3201 (estrada de Sober), quedando dende a ponte do ría até a devandita estrada de Sober ao redor duns 250m sen reparar, algo que cremos preciso para facer a obra completa, algo que ademais consideramos preciso polo estado que presenta.

**SOLICITUDE:**

Que o Goberno Municipal proceda ao arranxo do tramo de vía que vai dende a ponte de Piñeira até a LU-P-3201.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Unha parte está no proxecto de vías rurais, co camiño do Carballo. Iso está contratado e farase.

**2º.- PREGUNTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE REXISTRADA DE ENTRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2018.** Formúlaa a portavoz do Grupo, Dna. Maribel García Díaz.

**PREGUNTA ACERCA DO PAGO PARA A PARTICIPACION NA III CEA SOLIDARIA DE CÁRITAS**

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Na acta da Xunta de Goberno Local do 3 de Decembro, na páxina 25-26 atopamos o seguinte **ACORDO: Aprobación expedición de pago a xustificar por importe de 20 euros para a participación na III Cea Solidaria a beneficio de Cáritas organizada pola Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, a nome de José Tomé Roca**, cea celebrada o pasado 15 de decembro. Se ben estamos dacordo en que o Concello organice e participe de actos solidarios, o que non podemos entender é que **o Señor Alcalde nun evento destas características, recurra a que sexa o Concello o que faga a SÚA aportación solidaria.**

Se entendemos a solidariedade como a actitude de quen participa e presta o seu apoio ás causas e responsabilidades doutras persoas, podemos entender aquí que o Concello en lugar de solidarizarse con Cáritas, nesta ocasión resulta solidario co Señor Alcalde, que en lugar de pagar a cea do seu peto, como facemos todos, aproveita os fondos do Concello para acudir a estes actos.

**Quizais é que ser solidario cos cartos dos demáis resulta máis doado.**

En definitiva a pregunta é: Se todas as persoas que participamos nesta ou noutras ceas solidarias (eu incluída) pagamos a nosa entrada, por que non amosa o Sr. Alcalde a súa solidariedade pagando do seu peto esta aportación solidaria?

E que tipo de solicitude lle vai facer aos organizadores da cea (en forma de factura) para que interventora xustifique ese pago?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

O Alcalde cando vai a título persoal, paga do seu bolso. Neste caso, eu non podía ir, acudiu outro en representación do Concello e en representación non ten por que pagar.

No remate desta sesión, procédese á despedida do Sr. Secretario, que se xubilará a fin de ano.

Dna. Pilar López Martínez, representante das/do concelleiras/o non adscritas/o, di que esta sesión ten de singular a despedida dun funcionario que aportou experiencia para solucionar moitas cousas. José María: moitísima sorte e moitas grazas polo tempo dedicado a este Concello, e persoalmente e polo grupo que represento grazas polo tempo compartido. De todo corazón.

Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, di que lle gustaría este acto con máis público, ao principio como pretendeu Dna. Julia Rodríguez, sería máis lucido. José María: merecías ser escoitado. Pola miña parte, agradecidísima, sempre contei coa túa disposición e axuda. Un gran recordo a túa capacidade de traballo e paciencia, e xenio de vez en cando, xustifico. Espero estar o día 11 de xaneiro na comida de despedida. Lamento non poder tamén xubilarme.

Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, di que se se referiu antes a isto, era porque descoñecía isto ao final da sesión. Reiterar o que xa dixen. Recordarémolo facendo aspaventos, pero sacando problemas. Viñamos dun período de carencias, foi un pracer contar coa túa presenza. Na comida do día 11 intentaremos estar.

D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, di que non lle gustan as despedidas. A miña experiencia, breve como portavoz, e antes no Grupo, é para agradecer o trato cara á miña persoa. Longa vida, que disfrute da xubilación. Bo Nadal para todos.

O Sr. Alcalde, do Grupo Socialista, di que uns días antes de que remate a súa vida laboral, grazas pola colaboración. Quédome co positivo. Os mellores escribanos cometen borróns. Que poida disfrutar. Que nos visite. Desexar saúde e sorte.

O Secretario que se despide, D. José María Baños Campo, comeza a súa intervención citando en grego o brocardo do Eclesiastés sobre a vaidade. Facendo mención do que dicía John Ford a un admirador sobre o comezo e o final de “Centaurus do Deserto”, dalgunha maneira hai que empezar e rematar, el empezou en Melón (Ourense) o 20 de maio de 1980 e rematará en Monforte de Lemos (Lugo) o 28 de decembro de 2018. Polo medio, entre lugares de titular ou de acumulado, Xunqueira de Ambía e Taboadela en Ourense, Arteixo, Cerceda, Boiro e A Pobra do Caramiñal na Coruña, Concello e Deputación provincial de Ourense, O Carballiño, Mancomunidade do Ribeiro, en Guadalaxara Azuqueca de Henares e a Mancomunidade Vega del Henares, e tamén Chantada. 38 anos de servizo: 14 de Secretario de 3ª e Secretario-Interventor, 16 de Interventor e 8 de Secretario. En todos eles, na mesa presidencial, agás en Monforte de Lemos, na esquina dende a que fala, pero como di o ROF que a efixie do Rei debe estar en lugar preferente do salón de sesións, ou se incumpre o ROF ou o sitio importante é onde está o retrato do Rei, que é a esquina que comparte coa Sra. Interventora. Dá as grazas a todos e todas. Con tódolos Plenos que ten pasado, dende o primeiro en Melón en xuño de 1980, o último puido ser o anterior a este; ao final del díxose de ter este o 27 de decembro, pois se non chega a ser hoxe non habería Pleno en decembro. Repite o agradecemento. Remata simbolizando o que aínda lle queda por facer antes da definitiva xubilación da vida, cantando o principio e o final de “Sementeira” de “Fuxan os Ventos”.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e cinco minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,